

## RESOLUCIÓN DO 18 DE XUÑO DO 2020, DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DESIGNADA PARA O PROCESO SELECTIVO REF.PER.-2019/18, POLA QUE SE PUBLICA A LISTA PROVISIONAL COAS PUNTUACIÓNS DO CONCURSO DE MÉRITOS.

En sesión que tivo lugar o 18 de xuño do 2020, a Comisión de Selección designada ao efecto para cualificar o proceso selectivo polo sistema de concurso para a contratación de persoal mediante contrato de duración determinada para a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, e de conformidade coas bases da convocatoria que rexen o proceso, **ACORDOU**:

**Primeiro.-** Aprobar a lista provisional coas puntuacións do concurso de méritos dos candidatos/as, de conformidade co disposto no artigo 7 das bases da convocatoria do proceso selectivo REF.PER.-2019/18.

**Segundo.-** Facer pública a lista provisional coas puntuacións do concurso de méritos dos/as candidatos/as, que figura no ANEXO I que se achega coa presente Resolución.

**Terceiro.-** De conformidade co disposto no artigo 7 das bases que rexen o proceso, os/as candidatos/as disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, para presentar as pertinentes reclamacións perante a Comisión de Selección, preferentemente na Oficina de Rexistro da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, sita no Parque Tecnolóxico de Galicia, Avda. de Galicia, num. 4, CP: 32900, San Cibrao das Viñas, Ourense, en horario de 9:00 horas a 14:00 horas, de luns a venres. Aqueles/as candidatos/as que remitan a súa documentación por correo ordinario, deberano facer por correo certificado e deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988 548 276) ou correo electrónico (dpto\_administracion@ceteca.net) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax ou correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega nas oficinas de correos, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo de admisión de reclamacións. Do mesmo xeito, aqueles/as candidatos/as que presenten documentación por calquera dos rexistros admitidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988 548 276) ou correo electrónico (dpto\_administracion@ceteca.net) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax ou correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo de reclamacións.

O prazo remata o vindeiro luns 22 de xuño, inclusive.

**Cuarto.-** A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na publicación da resolución da correspondente lista definitiva coas puntuacións do concurso de méritos.

**Quinto.-** De conformidade co disposto no artigo 7.2. das bases da convocatoria, pasarán á fase de entrevista os candidatos/as que acaden una puntuación igual ou inferior en dous puntos con respecto ao candidato/a que obteña a maior puntuación. En caso de que ningún outro/a aspirante se atope nesta circunstancia, e para garantir o cumprimento do principio de concorrencia, establécese que en todo caso serán convocados á entrevista un mínimo de 20 candidatos/as. A data e a hora das entrevistas publicaranse xunto coa lista definitiva coas puntuacións do concurso de méritos.

San Cibrao das Viñas, 18 de xuño do 2020.

O presidente da Comisión de Selección



Lucio García Calvo.

## ANEXO I

APELIDOS	NOME	Puntuacións provisionais do concurso de méritos
GONZÁLEZ TORRES	INMACULADA	17,40
VÁZQUEZ SANDE	LUIS	16,30
GULLÓN ESTÉVEZ	PATRICIA	16,18
COBAS GARCÍA	NOEMÍ	15,43
BARRIO CARBALLO	JOSÉ CARLOS	14,92
AGREGÁN PÉREZ	RUBÉN	13,90
PENÍN SÁNCHEZ	LUCÍA	13,20
SABORIDO DÍAZ	MARÍA DEL CARMEN	12,30
LÓPEZ RODRÍGUEZ	MAR	8,67
RAMÍREZ PÉREZ	ALEXANDRA MARÍA	8,38
ROMANÍ PÉREZ	ALOIA	8,28
PEÑA RODRÍGUEZ	SUSANA	8,27
GÓMEZ LIMIA	LUCÍA	7,47
CUTILLAS BARREIRO	LAURA	6,10
ARMESTO BARGE	JORGE	4,40
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	MIRIAM	3,50
MATO MONTERO	ARIADNA	3,11
CALVIÑO LOUZAO	VANESA	2,60
VÁZQUEZ REINOSO	MARÍA	1,95
ROMERO AGRELO	ANABEL	0,80
BÓVEDA MARTÍNEZ	PABLO	0,20